

## Inscripcións:

1. Solicitar reserva a través do teléfono 982 284094, ou vía e-mail: [secretaria@centromusicafingoi.com](mailto:secretaria@centromusicafingoi.com), para confirmar a existencia de praza.

2. Unha vez confirmada a praza, enviaráselle ao correo a ficha de inscrición, que deberá remitir por mail, debidamente cuberta e firmada.

A praza quedará reservada cando se reciba a ficha de inscrición, acompañada do xustificante bancario, na Secretaría do Centro de Música Fingoi.

**Horario de luns a venres de 9:00 a 16:00 h**

O ingreso ou transferencia realizarase na c/c **ES 22 0081 5223 1400 0142 1052** de Banco Sabadell Galego a nome de **Escola de Arte e Lecer S.L.**, especificando como concepto: **I Curso de Composición e Creación de Música e Baile Tradicional e o nome do interesado.**



As prazas serán limitadas e atendidas por rigorosa orde de entrega e formalización.

O curso esixe un mínimo de prazas para a súa realización, de non completarse procederase á súa anulación.

No caso de anulacións por parte da empresa devolverase o importe entregado no menor tempo posible.

O importe do curso non se reembolsará se fose renuncia por parte do alumno/a.

**O prazo de inscrición remata o 24 de marzo de 2020.**

A GRANXA DE BARREIROS é un proxecto de educación ambiental dende hai máis de 70 anos. Unha cita coa Natureza, a Agricultura Ecolóxica, a Cultura e a Arte...

### AGRICULTURA ECOLÓXICA

- Venta de produtos ecolóxicos

### COMIDAS E XORNADAS GASTRONÓMICAS

- Comidas con menús de temporada.
- Concertos con gusto.
- Gastrodanza.

### GRANXA-ESCOLA DE BARREIROS

- Campamentos temáticos de verán: natureza, música, artes escénicas ...
- Cursos ou talleres de formación para o público xuvenil e adulto.
- Visitas á granxa e Obradoiros.
- AMPAS.
- Estancias temáticas de fin de semana.
- Rutas interpretativas pola contorna.

### ALUGUER DE INSTALACIÓNS para a celebración de:

- Cursos de formación de adultos.
- Encontros Artes Escénicas: orquestras, bandas, coros, grupos de teatro e danza, etc...
- Asociacións medioambientais.
- Asociacións de persoas con discapacidade.

### ALBERGUE GRANXA BARREIROS

- Peregrinos
- Público en xeral.
- Tenda.

### CASIÑA DE ASUNCIÓN

Aluguer casa completa (10 Persoas)

+info: [www.centromusicafingoi.com](http://www.centromusicafingoi.com)  
[www.granxadebarreiros.com](http://www.granxadebarreiros.com)  
[www.alberguesarria.com](http://www.alberguesarria.com)

### Organiza:

- Asociación de Artes Escénicas Fingoi.
- Centro de Música Fingoi

### Colabora:



**Pepe Vaamonde**  
**M. Anxo L. Buján "Chino"**  
**Javier Feijóo "Xisco"**  
**Xabier Iglesias**

# I CURSO DE COMPOSICIÓN E CREACIÓN DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL

**Do 28 ao 29 de marzo 2020**

## GRANXA DE BARREIROS

**Concerto domingo:**  
13:00 - 14:00 h

**"CANDORKA TRÍO"**

Acordeón:  
Vadzim Yukhnevich

Percusión:  
Miguel Anxo López

Gaita:  
Brais Monxardín

Técnico de son:  
Manuel Varela



... a partir de 18 anos

## Obxectivos

O obxectivo do curso será a aprendizaxe para a creación dun novo repertorio, a partires do estudo e da análise do noso folclore máis representativo.

Centrarémonos en como se estruturan as muiñeiras e xotas. Visualizando a súa forma e fraseo, así como os elementos básicos que crean os pulsos e os motivos esenciais tanto dentro da música como no baile tradicional



### VINDEIRAS ACTIVIDADES MUSICAIS NA GRANXA

VIII CURSO INFANTIL E XUVENIL M. TRADICIONAL de 10 a 16 anos do 21 ao 23 de xuño

CAMPAMENTO MUSICAL NA GRANXA do 1 ao 18 de xullo

## Profesorado

### PEPE VAAMONDE

Pepe Vaamonde é un recoñecido gaitero galego de longa traxectoria, ademais de ser un profesor de gaita galega cunha dilatada experiencia. Desde o ano 2001 traballa como Mestre de Gaita no "Centro Autorizado de Música Fingoi" de Lugo.

Artisticamente lidera o grupo "Pepe Vaamonde Grupo" que con dezaioito anos de historia e catro cedés publicados: "Aviouga", "Onde nace o vento", "Introterra", e "Nas Pedras do Lar", ten realizado máis dun cento de actuacións en directo en escenarios tan importantes como o Festival de Ortigueira, Festival de Lorient, etc....

Cabe destacar tamén o seu traballo de investigación e de control de calidade de todos os instrumentos que se fabrican no Obradoiro de Gaitas "Lis Latas".

### MIGUEL ANXO LÓPEZ BUJÁN "CHINO"

Realizou como mestre múltiples cursos e seminarios de percusión tradicional por toda a Península e Europa. Na actualidade é docente en diversas escolas e asociacións do país. É percusionista en Pepe Vaamonde Grupo e a EGO Band de Cristian Silva.

Tamén forma parte de grupos como Acibreira ou o cuarteto Efecto Polilla, gañadores dos últimos concursos de cuartetos tradicionais de Galicia.

### JAVIER FEIJOO "XISCO"

Mestre da E-Trad (Escola de Música Tradicional e Folc do Concello de Vigo). Formou parte da banda de Xosé Manuel Budiño como bailarador, vocalista e percusionista. Na actualidade forma parte do grupo "Pepe Vaamonde Grupo" e de Nova Galega de Danza.

Fundou e dirixiu durante 15 anos a agrupación O Fiadeiro. Mestre e coordinador da orquestra Folc Son De Seu.

### XABIER IGLESIAS CASTRO

Dende o ano 1990 vén compaxinando o labor de investigación de cultura tradicional coa de promulgación e ensinanza da mesma. Promotor e fundador de asociacións e grupos como Reviravolta, A Volta do Agro, Cantatí e ProxectoDanza. Director durante 10 anos do grupo e as escolas de baile de Cántigas e Frores. Coautor, do libro/dvd "Así fan os bailaradores". Director, actor e bailarador de numerosos proxectos artísticos multidisciplinares. Profesor de baile tradicional da Xunta de Galicia para o programa "Escolas Abertas" durante 5 anos.

Actualmente compaxina a dirección da súa escola Tradi Oxeito, en Lugo, coas súas clases na Tradescola, no colexio e Escola de Música de Fingoi e en diversas asociacións culturais.

## Información xeral

### Destinatarios

Interesados a partir de 18 anos, músicos, mestres de educación musical, profesionais da música, danza, teatro, etc.

### Número de prazas

Prazas limitadas por especialidade.

### Certificacións

Expedirase certificado de asistencia ao remate do curso.

### Número de horas de formación

16 horas

### Datas e horarios

#### Sábado 28:

9:30 - 10:00: Instalación no albergue e presentación.

10:00 - 14:00 e de 16:00 a 20:00 h: Clases

22:00 - 24:00 h: Foliada (só para os asistentes ao curso)

#### Domingo 29:

10:00 - 13:00 h: Clases

13:00 - 14:00 h: **Concerto Candorka Trío**

**"Vadzim Yukhnevich, Miguel Anxo López e Brais Monxardín, Manuel Varela (técnico)"**

*Innovadora proposta musical baseada na música tradicional da Fonsagrada mesturada con innumerables recursos musicais contemporáneos.*

16:00 -18:00 ; clases

### Lugar de celebración

Granja Escola de Barreiros

Est. Sarria-Portomarín, LU-633, Km54

### Prezos

	Alumnado xeral	Membros do C.M: Fingoi:
-Clases + cafés pausa descanso	130 €	100 €
-Clases + xantar (sábado e domingo)+ cea (sábado)	155 €	120 €
-Clases + Pensión completa	160 €	125 €
-Xantar ou cea	12 €	12 €
-Aloxamento (dormir + almorzo)	10 €	10 €

As camas están preparadas para utilizar con saco de dormir pero se o prefire pode :

-alugar enxoval: 4€

-alugar toalla de ducha: 1,50 €

*O prezo inclúe: clases + pausas descanso cafés + profesorado especialista altamente cualificado + material funxible + foliada (non inclúe consumicións) + concerto*